



**Asunto:** Autorización de operacións de ciclos formativos de grao medio, Programas de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento e Programas de Diversificación Curricular, cofinanciadas no 80% polo FSE, no curso 2015-2016.

Con data 8 de decembro de 2015 aprobouse pola Comisión Europea o Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020.

No eixo 3 "Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente", do referido Programa Operativo, contéplanse dúas actuacións:

- 10.01.02.101 - Programas de mellora del aprendizaxe e rendemento - Programas de diversificación curricular (PDC). Curso 2015-2016.
- 10.04.01.100 - Ciclos formativos de grado medio de la formación profesional. Curso 2015-2016.

No mes de setembro de 2015, de acordo co establecido na Circular DXPF C1/1420 relativa á autorización previa das operacións susceptibles de recibir financiamento no marco dos Programas Operativos FEDER e FSE Galicia 2014-2020 e Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020 (POEJ), que se inicien con anterioridade á aprobación dos programas e os correspondentes documentos de criterios de selección de operacións, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria solicitou a autorización das operacións de cada unha das actuacións para o curso 2015-2016.

As operacións foron autorizadas pola Dirección Xeral de Proxectos e Fondos da Consellería de Facenda con data 14 de setembro de 2015.

De acordo co anterior, a posta en marcha dos ciclos formativos de grado medio de la formación profesional e dos Programas de mellora del aprendizaxe e rendemento - Programas de diversificación curricular (PDC), serán cofinanciados no 80% polo Fondo Social Europeo (FSE), no marco do obxectivo temático 10 "Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente" do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020.

Dende a Administración educativa débese garantir que, dende o inicio do curso escolar, estas medidas cumpren cos requirimentos regulamentarios dos procedementos de xestión do FSE para o período 2014-2020 e coas vixentes instrucións da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo (UAFSE), co obxecto de garantir a elixibilidade dos gastos incorridos ao FSE.

As operacións autorizadas poden consultarse nas seguintes páxinas web:

- Ciclos medios de FP:



- Programas de mellora, aprendizaxe e rendemento e Programas de diversificación curricular:

### **Información e publicidade.**

Os centros educativos informarán, ao comezo de cada curso escolar, a todos os alumnos e alumnas sobre a contribución dos fondos estruturais da Unión Europea á redución e a prevención do abandono escolar temperá e ao fomento da igualdade de acceso a unha educación infantil, primaria e secundaria de boa calidade, incluídos os itinerarios de aprendizaxe formais, non formais e informais encamiñados a permitir a reintegración no proceso de educación e formación.

Moi especialmente, informarase ao alumnado que curse os ciclos formativos de grao medio da formación profesional e dos Programas de mellora, aprendizaxe e rendemento e Programas de diversificación curricular, xa que estas van financiarse nun 80% pola Unión Europea a través do Fondo Social Europeo.

Tamén se fará extensible ao profesorado que imparta esas ensinanzas.

Nos espazos nos que se imparta a citada formación e na documentación relacionada con esta ensinanzas, deberá aparecer o logotipo do FSE, coa lenda "O FSE inviste no teu futuro".

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2016

O DIRECTOR XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA



Manuel Corredoira López

Sr./Sra. Director/a do centro educativo